




■ NOVEMBRO-DECEMBRO 2022

Revista Galega de Información Literaria - Ano 20 N.º 119

PVP 3 €

**Novos traballos musicais de Sés, Guadi Galego e Abe Rábade**

**Alberto Ramos, gañador do Premio Narrativa Breve Repsol, fala de *Os corpos dos Romanov***

# Biblos

CLUBE DE LECTORES

## Os premios Biblos

Alberto Ramos e Berta Dávila, consagrados entre as figuras máis recoñecidas na narrativa galega actual e que atesouran ademais moitos dos máis importantes galardóns que se convocan no país, son parte esencial da historia deste club con moitos centos de socios e seguidores dentro e fóra de Galicia. Queremos pensar que co seu talento e esforzo terían saído adiante sen nós, pero que o Premio Biblos-Pazos de Galicia contribuíu a darlles azos, algunhas ferramentas e a visualización necesaria para botar a andar sendo moi mozos aínda. A eles, a todos cantos o gañaron e a quen foron finalistas, como aquela novísima aínda Andrea Maceiras, tan magnífica escritora tamén. Os dez primeiros anos da historia de Biblos Clube de Lectores estiveron marcados, entre outras cousas moi positivas, pola convocatoria dese premio literario destinado a menores de 25 anos aos que unha recoñecida personalidade do mundo das nosas letras tutelaba para concluír o seu proxecto de novela. Quizais por sermos unha empresa demasiado pequena para nos facer oír en cada convocatoria entre un público renovado que estaba basicamente no ensino medio e na universidade, ou poida que por outros erros, o caso é que a participación rematou sendo tan baixa que fixo inviable seguir adiante malia o noso entusiasmo e o apoio de Pazos de Galicia, con Javier Goyanes á fronte. De aquel proxecto tan ilusionante saíron unha mada de potenciais escritores que reunimos con cadanseu relato no libro *Sete de Biblos*: Iria López Teijeiro, Alberto Ramos, Patricia Casas, Berta Dávila, Pablo García Martínez, Elena Veiga e Iria Morgade. Todos amosaban sobradas dotes para traballar por un futuro no eido da literatura de noso. Algún poida que reapareza en calquera momento. Pero, en todo caso, estamos facheiros tanto da xenerosa acollida que o proxecto tivo en titores tan relevantes coma Méndez Ferrín, Dario Johan Cabanas, Agustín Fernández Paz, Helena Villar Janeiro, Manuel Rivas, Fina Casalderrey e Xavier P. DoCampo, como polos resultados.

**Carmela González**

Directora



**Biblos**  
CLUBE DE LECTORES

**Biblos Clube de Lectores, S. L.**

Quintá N.º 8 - Mandaio  
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: [subscritores@biblosclube.com](mailto:subscritores@biblosclube.com)

Depósito Legal: C 285-03  
ISSN: 1697-7440

### A Portada

O acivro usábase en diversos ritos celtas e xermánicos vinculados ao solsticio de inverno dende moito antes da cristianización deste. Considerábase unha árbore máxica que era quen de atraer a boa sorte. Que así sexa!



## Alberto Ramos

Varias historias que se entrelazan e que finalmente encaixan coa precisión dun reloxo suízo, con magnos temas de fondo como a culpa, as relacións familiares, os traumas do pasado e o abandono. E tres personaxes principais que ven como as súas vidas acaban por se cruzar, dun xeito ou doutro, no Nadal máis estraño que celebrou a cidade alemá de Augsburgo. O 25 de decembro de 2016, máis de 50.000 persoas son evacuadas por mor da aparición dunha bomba sen detonar da II Guerra Mundial. Esta é a tarxeta de presentación coa que o xornalista e escritor Alberto Ramos (Santiago, 1986) se encomenda de novo ao público lector coa novela *Os corpos dos Romanov*, merecedora do Premio Narrativa Breve Repsol deste ano.

Foto: Sabela Iglesias

fala da novela coa que vén de

# "Sempre tiveron interese polos destrúen a rutina, os sustentos"

—O título podería trasladarnos ata a Rusia dos tsares, mais a trama desenvólvese en Alemaña en 2016. É un recurso para poñernos en alerta?

—Hai títulos de toda natureza. E hai títulos que poden facer referencia a lugares, a espazos, a estadios e momentos. Ou poden ser parte dun xogo, dunha metáfora, dun artefacto literario que cómpre desartellar para descubrir a motivación, algo nada estraño nunha novela. Neste caso é un título metafórico que non fai referencia a momento histórico ningún nin se relaciona cun espazo xeográfico. E si, falamos dunha historia que acontece en Augsburgo en 2016. Durante o nadal evacúase o centro da cidade por mor dunha bomba da II Guerra Mundial que non estoupou xamais e que pasou setenta anos soterrada, mentres por riba a urbe se reconstruía, mudaba e medraba. De súpeto, aparece o mísil sen detonar nunhas obras e convértese nun elemento disruptivo que baleira a cidade.

—A da cidade baleirada é unha imaxe que a estas alturas nos resulta familiar. Pero este texto naceu antes de que a pandemia transformase a nosa iconografía. É polo acaso un tema que

levaba tempo querendo abordar ou é mera coincidencia?

—Interesábame ese concepto da cidade baleirada, da rutina mudada, as rúas desertas. Foi a mecha para escribir este libro, cuxa escrita comezou ano e pico antes da pandemia. Sempre tiveron interese polos estoupidos súbitos e disruptivos que destrúen a rutina, os sustentos e todo o que se dá por feito. Interésame ese tipo de cousas rotundas e absolutas que mudan por completo e que frean o normal xirar do mundo para poñernos fronte un determinado momento transcendental, un momento de forzar a reinvencción ou de rearmarse, por así dicilo. Todos sufrimos experiencias particulares que fan mudar por completo a nosa vida e que sacoden o noso universo particular. Ás veces, prodúcense feitos enormes que afectan o colectivo e cambian a forma de ver o mundo todos á vez, por así dicilo. E toca lidar coas consecuencias dun golpe colectivo salvaxe, pero tamén co propio, co íntimo, co que segue a acontecer na esfera próxima, familiar, privada. A cidade baleirada é unha imaxe moi clara de todo isto. Ese era o interese: como afecta a determinadas persoas un feito tan disruptivo. Agora ben, no caso de Augsburgo (ou das moi-





gañar o XVI Premio Narrativa Breve Repsol

## estoupidos súbitos que os e todo o que se dá por feito"

tas cidades alemás que se evacuaron ao longo dos anos polos explosivos que non estouparon nos bombardeos masivos dos aliados) non deixan de ser certa anécdota: un intre de desprazamento, unhas horas nun pavillón, unha mínima posibilidade de que estoupe todo... Un simulacro que dura unhas horas e pouco máis. Logo como xa dixemos chegou a covid-19, e esta imaxe, da cidade baleirada mudou por completo.

—Cada novela súa trasládanos a escenarios ben diferentes. Prevalece o propósito de non repetirse nunca?

—En realidade, coido que me repito. Os escenarios cambian, mais as historias acaban por orbitar ao redor de asuntos que son unha constante non só na literatura, senón na vida. Independentemente de que poidamos ter unha historia dun actor británico ficticio (*Máscaras rotas para Sebastian Nell*), o relato de diferentes personaxes durante unha evacuación en Augsburg ou as inxerencias dun xornalista que vive un ERE de extinción tras a crise de 2008 (*Todos os días*), o que prevalece son cuestións co-

mo a enfermidade, a familia, os coidados, a soidade, as carencias ou os silencios do que nunca dixemos. O propósito, en todo caso, que si prevalece é escribir determinadas historias ou retratar determinados escenarios que me atraen.

—Seis novelas e o aval de seis premios relevantes da escena cultural galega. Parece que é vostede dos que prefire saltar ao baleiro con rede de seguridade.


—O circuío de premios é unha vía de acadar unha rendibilidade á actividade de literatura que, polo camiño das vendas non é sinxelo e resulta pouco habitual. É unha excepción, para nada a norma. Podemos facer os cálculos dos libros que cómpre vender para conseguir 12.000 euros en dereitos de autor. Por outra banda, a visibilidade de medios xerais que che dá o premio non se acada cunha publicación normal, agás en casos moi particulares. Aínda que a repercusión resulta, en realidade, máis ficticia ca calquera outra cousa. As noticias dos premios son como os obituarios: alguén ocupa un espazo no recanto dun xornal que nunca máis volverá prestarlle atención. Veñen pronto outros mortos.

—Que supuxo para vostede gañar o Premio Biblos-Pazos de Galicia co proxecto da súa primeira novela?

—Foi unha experiencia iniciática, un primeiro achegamento con vinte anos ao mundo editorial e literario en Galicia. Tivo un significado especial, gárdase unha boa lembranza e tes a sensación como punto de partida. Dende aquela até hoxe, houbo moito camiño. Ese foi un primeiro paso. Como sería o traxecto sen o Premio Biblos? Ben diferente.

—Pertence a unha xeración de autoras e autores que despuntaron na literatura sendo mozos. Agora ten trinta e seis anos, ata cando se seguirá falando de vostede como un escritor novo?

—Non teño moi claro que se siga a falar de min como un escritor novo. Nin que se siga a falar de min en xeral. En calquera caso, a mocidade non é ningún mérito, só un estadio transitorio que pasa axiña. No meu caso, se fun novo nalgún momento, xa foi. Unha persoa de 36 anos novo non é e non creo que sexa moi sensato referirse neses termos a alguén desas idades. A mocidade ten algo de en potencia que axiña se converte en ser. E con 36 anos, xa hai tempo que es e estás no mundo.



Alberto Ramos

**Os corpos dos Romanov**

Galaxia  
13,5 × 21 cm

Rústica

Ref: 01-0084-14

15,86 €

Títulos anteriores:

**Dor Pantasma**

II Premio Biblos-Pazos de Galicia 2006

Biblos  
16 × 22 cm

Cartonado  
176 páxinas

ISBN: 978-84-935062-5-4

12 €

**Con acuse de recibo**

Premio La Voz de Galicia de Novela por Entregas 2009

Biblos  
16,5 × 22 cm

Cartonado  
200 páxinas

ISBN: 978-84-937323-9-4

15 €

**Todos os días**

Premio Vicente Risco de Creación Literaria 2012

Sotelo Blanco  
14 × 21 cm

Rústica  
270 páxinas

ISBN: 978-84-7824-630-4

16,15 €

**Máscaras rotas para Sebastian Nell**

Premio García Barros 2014

Galaxia  
13,5 × 21 cm

Rústica  
404 páxinas

ISBN: 978-84-9865-569-8

24,65 €

**A simetría das bestas**

Premio Vicente Risco de Creación Literaria 2017

Urco  
15 × 23 cm

Rústica  
174 páxinas

ISBN: 978-84-948755-1-9

16,15 €

**Carvalho Calero fronte ao espello da memoria**

Auga  
21 × 21 cm

Rústica  
48 páxinas

ISBN: 978-84-120597-4-8

14 €

# Os 16 do premio Repsol

O xurado da XVI edición do Premio Narrativa Breve Repsol salientou da obra de Alberto Ramos *Os corpos dos Romanov* que se trata dunha novela escrita cun estilo de gran precisión, a presenza dun narrador solidario que apela á conciencia de quen le, e "a acaída engrenaxe das diversas tramas, que encaixan milimetricamente como as pezas dun reloxo", segundo di o fallo. O Premio Narrativa Breve Repsol creouse no ano 2006 polo Complexo industrial de Repsol da Coruña en estreita colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, co obxectivo de fomentar a cultura e a lingua galega, na estela dun concurso literario para estudantes. En 2010 toma o relevo a Fundación Repsol no impulso do certame, que, desde o seu inicio, conta co apoio da Real Academia Galega e da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Neste longo período presentáronse preto de 500 obras, das que saíron estes dezaseis textos galardoados.

Alberto Ramos

## Os corpos dos Romanov


Unha historia na que o azar das relacións humanas xunta unha serie de personaxes solidamente construídos, que viven e soñan en Augsburg e noutras cidades alemás, e nos que se reflicten as inquedanzas e os traumas individuais e colectivos do pasado.

Galaxia  
13,5 x 21 cm

Rústica

Ref: 01-0084-14

15,86 €



Títulos que acadaron o Premio Repsol en edicións anteriores

Miguel Sande

**Se algún día esta muller morta**

ISBN: 978-84-8288-970-2  
12,10 €

Anxos Sumai

**Así nacen as baleas**

ISBN: 978-84-9865-022-8  
14,15 €

Xosé Luís Martínez Pereiro

**A verdade como mal menor**

ISBN: 978-84-9865-108-9  
14,45 €

Xurxo Sierra Veloso

**Os fíos**

ISBN: 978-84-9865-326-7  
16,72 €

Fernando Díaz-Castroverde

**Microbios e outros paquidermos**

ISBN: 978-84-9865-406-6  
14,50 €

María López Sández

**A forma das nubes**

ISBN: 978-84-9865-469-1  
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Berta Dávila

**O derradeiro libro de Emma Olsen**

ISBN: 978-84-9865-507-0  
15,50 €

Santiago Lopo

**A diagonal dos tolos**

ISBN: 978-84-9865-563-6  
16,63 €

Marcos Calveiro

**Fontán**

ISBN: 978-84-9865-646-6  
13 €

Daniel Asorey

**Nordeste**

ISBN: 978-84-9151-011-6  
15,50 €

Xosé A. Neira Cruz

**O sono das sereas**

ISBN: 978-84-9151-098-7  
15,50 €

Antón Lopo

**Extraordinario**

ISBN: 978-84-9151-261-5  
15,45 €

Gonzalo Hermo

**Diario dun enterro**

ISBN: 978-84-9151-418-3  
14,70 €

Berta Dávila

**Illa decepción**

ISBN: 978-84-9151-559-3  
15 €

Xosé Monteagudo

**Eternity**

ISBN: 978-84-9151-769-6  
15,50 €



# María Solar, Premio Xerais 2022


*A culpa* é “unha narración moi equilibrada e áxil”, segundo anota o xurado da 39ª edición do Premio Xerais de Narrativa. Este enzalza como dosifica e infiltra perfectamente “as pasaxes intimistas e reflexivas que esixen unha lectura máis pausada co ritmo trepidante e os diálogos fluídos para os momentos de acción e suspense”.



## A culpa

Cada seis meses, coma un cravo, os empregados dunha pequena sucursal bancaria reciben a visita da señora Gondar, unha muller de aspecto miserable e cun fedor corporal insoportable que controla ata o mínimo detalle as súas contas millonarias. Amanda, unha novísima empregada da oficina, aténdea unha soa vez. Un mes despois do encontro, a señora Gondar falece e Amanda convértese inesperadamente na súa única herdeira. A moza, xunto co seu amante xornalista, Enric, comeza unha investigación sobre a identidade da anciá e descobre a historia vital que uniu de por vida a dúas mulleres poderosas: os terribles segredos que as devoran, as culpas que as perseguen e a tóxica relación entre elas que remata nun final perturbador. María Solar atrapa cunha historia de dominación, tolemia e morte onde a culpa está omnipresente.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 336 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-177-6  
17,57 €



**Suso de Toro,  
Manuel Rivas,  
Xabier P. DoCampo,  
Margarita Ledo,  
Marina Mayoral,  
Pedro Feijoo, Xavier  
Queipo e Susana  
Sánchez Aríns**

## Tac Tac Tac

En 2017 Suso de Toro implicou a oito escritoras e escritores para prepararen un texto en Númax cunha vella Olivetti, unha máquina de escribir en desuso que atesoura canda si o sabor de todo un tempo. Eran Margarita Ledo, Manuel Rivas, Xabier P. DoCampo, Marina Mayoral, Susana Sánchez Aríns, Pedro Feijoo, Xavier Queipo e o propio Suso de Toro. O resultado é *Tac Tac Tac*, que Xerais presenta en edición limitada, numerada e asinada que reproduce, tal cal, aqueles textos mecanografiados, para que, como di Suso de Toro no limiar, sintamos “a presenza das cousas, a aura do papel riscado a mantenta coa tinta”. Un libro fetiche.

Xerais Rústica  
20 x 30 cm 52 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-228-5  
31,30 €

# Marilar Aleixandre, Premio Nacional de Narrativa 2022



PREMIO NACIONAL  
DE NARRATIVA 2022


XXXIX PREMIO DE NOVELA  
LONGA EDUARDO  
BLANCO AMOR

## As malas mulleres

Recuperamos a novela que mereceu o Premio Nacional de Narrativa deste ano. O xurado elixiu *As malas mulleres* pola súa orixinal estrutura híbrida “que la convierte en una singular novela histórica sobre la situación carcelaria de las mujeres en el siglo XIX, con un admirable dominio del diálogo y del lenguaje”, recolle a acta. Para engadir que “recupera la memoria de una forma brillante en diálogo con la tradición literaria”. “Un coro de voces femininas de diversas clases sociales introduce elementos de la poesía popular y la cultura oral. La autora pone el acento en las desigualdades y a la vez ofrece una mirada esperanzadora: la capacidad de resiliencia y emancipación del ser humano, destacando la importancia de la sororidad y del compromiso con los demás”, destacou o xurado. Unha historia a varias voces, a de Susa, de 15 anos, presa no cárcere coruñés da Galeira porque as mulleres non son donas do corpo, e as de Concepción Arenal, visitadora de prisións, e Juana de Vega, cruciais para entendermos a nosa historia e as do “mudo coro das malas mulleres”, que entoa prantos sobre encontros cos predadores sexuais.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 248 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-597-5  
18,05






## Uxío Larvós A mona de Schrödinger

Por falta de vacantes na súa propia especie, unha mona bonoba resignase a que na vindeira reencarnación lle toque acomodarse nun pelullo humano, posibilidade que, tendo presente que ambas as especies comparten preto do 99 % dos xenes, coída que non debe estar de todo mal. Mais axiña comprenderá o seu monumental erro de cálculo. Con este punto de partida, nunha fusión entre o diario íntimo e a novela de aprendizaxe, *A mona de Schrödinger* convida a acompañar esta mor-daz e irreverente bonoba (que como humana responde ao nome de Suso Mouríño), na súa loita diaria por se manter a flote. Humor e in-conformismo en grandes doses nunha obra que constitúe un alegato contra os prexuízos e a teima de pechar os ollos ante as inxustizas.

Baía Rústica  
14,30 x 21 cm 216 páxinas  
ISBN: 978-84-9995-415-8  
15 €




## Juan Fariña O que foi

Unha viaxe no espazo e no tempo ata a vila orixinal de Portomarín antes de ser asolagada polas augas. A historia do que hoxe son tan só ruínas volve á vida da man do autor de *O que foi* e recupera personaxes, diálogos e acentos daquelas casas, daqueles veciños, daquel tempo pasado que nestas páxinas regresa ao presente a través dun fillo de galegos retornado á terra. No relato sorprende un sosia de Franco que achega unha boa dose de intriga e orixinalidade a unha novela que non deixa indiferente.

Medulia Rústica  
15 x 23 cm 344 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-13-3  
18,90 €



# Xelís de Toro



## Etceteramente

Páxinas en branco, capítulos que faltan, unha lectora que se rebela, un escritor ansioso por escribir unha obra sublime, un periplo polo trasmundo interior, rebeldes contra a especulación urbanística e revolucionarios á busca do escritor, cartas a un escritor morto, a directora dunha editorial a quen non lle dan as contas, un pauto co demo, unha seita literaria que se rexe polo libro *De catro a catro*. Di a editora que *Etceteramente* é un disparate absoluto: indescribible, indefinible, inexplicable, imperdoable... Unha homenaxe ao poder creativo da literatura. Estamos ante un cóctel literario de preguntas: quen escribe?, quen le?, para que?, como?, que?


Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 496 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-227-8  
23,27 €



## Justo Calviño Cruz Os contos do avó

*Os contos do avó* relata as vivencias, anécdotas e ficcións dun nonaxe-nario, aínda cheo de dinamismo, lucidez, sabedoría e lembranzas, que transmite aos seus tres netos un fa-to de relatos como parte do seu le-gado imaterial. Polo texto trans-corren episodios da vida de certos personaxes reais ademais de diversos aspectos da interesante vida dos ratos, das pitas do monte, formigas, dos lobos, paxaros, osos, lagartos e das cobras, coma xa o fixeran, no seu día, Charles Perrault, os irmáns Grimm ou Andersen.


Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 136 páxinas  
ISBN: 978-84-125393-2-5  
15 €



## Rafael Catoira O peso da memoria

Na España dos anos finais da ditadura franquista e da Transición democrática, coa aparición de novas clases sociais e económicas xurdi-das por mor da emerxente situa-ción política, un profesor comparte confidencias cun inspector de poli-cía, ámbolos dous xubilados. O po-lí-cia transmite ao seu interlocutor a súa teima recorrente: o asasinato dunha rapaza, nun caso que puido resolver, mais sen consecuencias para os asasinos, amparados po-los privilexios da caste á que per-tencían.

Toxosoutos Rústica  
15 x 20 cm 264 páxinas  
ISBN: 978-84-125393-6-3  
15,20 €




## Narciso Luaces Pardo O carreiro.

### Memorias do tío Santos

Biografía dun carpinteiro de carros do país nas terras de Ortigueira. Esta obra viaxa no tempo ao últi-mo cuarto do século XIX e perco-re a Galicia das reivindicacións agraristas. O autor, de formación autodidacta, colaborou en *La Voz de Ortigueira* e foi un dos funda-dores de Edicións O Paporroibo. En 1999 abriu ao público o Museo Etno-gráfico de Meixido, que refina cen-tenas de pezas recollidas por el mesmo, restauradas e catalogadas.


Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 160 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-902-7  
15,50 €



## Javier Fraiz Morte no espello

Unha morte crea o conflito, outra resólveo. Hai vidas moi afastadas que se conectan nos seus finais. Un cadáver no lugar e na situación máis insospitados. A demostra-ción de que as aparencias son fa-libs. O poder concibido como un exercicio de impunidad. A falsa moral, a dobre vida. O sexo, en oca-sións, é só unha transacción que vincula mundos distanciados. A culpa é o maior medo dunha auto-ridade que vive e fai gala da exem-plaridade. A vocación dos bos po-lí-cías, os atrancos do xornalismo.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 280 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-898-3  
19,71 €




## Nazaret López Pecados veniais

Esta escolma de historias enfia-das, non exentas de humor acedo, pon o foco na traseira desas situa-cións, esperadas ou inesperadas, que de socate cambian a vida de quen as padece. Os abusos a me-nores, o acoso no traballo, a pre-cariedade laboral, o dereito a ter unha vivenda, a decidir ser ou non ser nai e a elixir profesión por riba do xénero son asuntos que pairan tamén sobre esta historia que re-trata a sociedade hostil en que vi-vimos e que fai aínda máis vulne-rables as mulleres.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 216 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-176-9  
17,05 €



# Inma López Silva



## Quen non ten un avó fascista?

O libro oscila entre a memoria familiar, a ficción e o relato histórico a partir da vida do seu avó paterno da autora, alcalde franquista dun pequeno concello rural. A través del, conta unha historia que se centra nos perdedores e foxe do aspecto heroico que tan a miúdo constrúe a lectura da guerra e a ditadura, retirando o foco daqueloutra maioría que, simplemente, sobrevivía como podía. A vida da familia retratada na obra conta dun xeito orixinal a historia política da Galicia da segunda metade do século XX, dando unha explicación aos silencios, temores e vergoñas que, así, se converten en motivo literario de categoría. López Silva fai unha delicada alegación antifascista escrita desde as tripas do propio fascismo e construída para proxectarse sobre o presente a modo de reflexión, ou quizais aviso.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm  
ISBN: 978-84-9151-941-6  
21,56 €




# Antón Riveiro Coello



## Días de intemperie

Os coidados, a fidelidade, a homosexualidade, a covardía, a vinganza, a suplantación de identidade, o amor polos libros, o contrabando ou a orfandade son algúns dos temas que compoñen este libro estremecedor onde o pano de fondo sempre é a guerra. Como xa fixera en *As Rulas de Bakunin*, *Laura no deserto* e *O paraíso dos inocentes*, Antón Riveiro Coello pon de novo os seus personaxes en situacións límite para que ofrezan o mellor e o peor de si. Relatos duros que enfrontan a quen le co espello para saber o lugar que poderíamos ocupar en conflitos tan diversos como os que acollen estes relatos. E tanto ten que a guerra se desenvolva en Ucraína, Siria, Rusia, Vietnam ou na raia seca ourensá. O importante nestas historias é o resultado conmovedor dunha escrita poderosa que, unha vez máis, ispe os personaxes para os deixar nunha intemperie que tamén podería ser a nosa.


Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm  
ISBN: 978-84-9151-907-2  
15,20 €



## Lionel Rexes A montaña do poeta

É pouco coñecido o vínculo do escritor Antonio Noriega Varela, alcuado "O poeta da montaña", cunha vetusta construción situada no Alfoz do Castrodouro. Deste feito real parte unha ficción absolutamente contemporánea, unha trama que recrea o ocase dun agro onde a mocidade loita por atopar oco e onde os anciáns, acompañados dos seus cans, matan o tempo morto legando a bagaxe da vida. No medio desta existencia rutineira, un suceso con esencia ideolóxica sacode a dinámica do municipio.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 136 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-154-7  
16,63 €



## Pablo González Mariñas Aquelloos veranos de tedio

A obra traslada a momentos pretéritos que se fan presentes para a proxección do futuro. A través dun xogo de tempos, González Mariñas mergúllase nun mundo persoal que é universal, nun contraste de identidades e idiosincrasias que reconcilian coa literatura, a política, a filosofía e, en efecto, a vida. En castelán.


Medulia Rústica  
15 x 123 cm 810 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-12-6  
22,70 €



## Vicente Araguas O lugar onde vou

Libro de relatos que ten a peculiaridade de presentar variantes sobre unha realidade posible e outra máis que improbable. Desta maneira, fala de medo, e de bares onde, ao non pasar nada, pasa de todo; de casas grandes que ven, sen poder facer nada, como as mulleres se descolgan dos cadros; de parellas dispaes en idade que falan de raíñas devoradoras de arroz con leite. Un festival de maneiras de querer, de ir mirando como a vida acontece, de realismos extracorpóreos e de corpos que liscan alén da realidade.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 168 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-909-6  
15,86 €



## Rubén Anido Regueiro Os derradeiros días de Ulises e Penélope

"Unha breve refolada de aire cruzou a través das árbores e moveu a herba axitándoa lixeiramente. Era un aire algo salobre, dun mar só intuído, vagaroso, con algo de pintura difuminada sobre un lenzo imaxinario. Moveu os cabelos brancos dun Ulises velleiro e coa mirada vidrosa, como un océano sen apenas brillo. Penélope reparou nas súas propias mans, outrora dunha fineza de cristal e agora tornadas en algo semellante a un coiro vello". Rubén Anido.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 130 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-14-0  
14,90 €



## Óscar Reboiras A agonía das folerpas

A aldea de Salgueiro leva décadas abandonada. En pleno Parque Natural do Xurés, e afastada de todo, é o enclave ideal para descansar. Ou para que un asasino en serie enterre as súas vítimas. Unha novíña xornalista chega por casualidade ao lugar. O que en principio é un achado arqueolóxico, convértese nun suceso que revoluciona a actualidade informativa. Tres persoas que non semellan encaixar e que, non obstante, acaban formando equipo co obxectivo de descubrir que esconden as mortes de Salgueiro.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 415 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-920-1  
21,28 €

### Xavier Queipo Algoritmos

"Non son uns dietarios –di a editora– nin tan sequera unha compilación, senón unha secuencia de ideas acoutadas entre 2011 e 2018". Felizmente inclasificábeis, como tantos outros textos de Xavier Queipo, reflicten dalgún xeito que son os propios algoritmos a ideoloxía dominante neste tempo de dúbidas e incertezas, que temos que apandar con eles, coñecelos e dominálos, mesmo para seguir exercendo o oficio de escribir. "Un exercicio de análise, de pensar fóra da norma, de expresar ideas e sentimentos con estas notas heteróclitas, aloucadadas ás veces e excesivamente racionais outras, para construír o meu relato", que diría Queipo.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 170 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-915-7  
16,15 €

### Carmen P. G. Granreiro Estranxeiras


A condutora da Kawasaki negra chega a Santa Mariña de Augas Novas sen intención de ficar, inmersa nunha fuxida que a fixo abandonar Berlín ás présas e levando consigo pouco máis que o portátil e unhas mudas. A menos de dous quilómetros, noutro punto da aldea, Maruxa recibe a súa neta Mara e a crianza desta que, coa intención de pasar o verán na casa familiar, descargan algunhas malletas e non esquecen o libro das fadas. Arredor da oposición veciñal a un proxecto urbanístico preto do río, un amplo elenco de personaxes vese fiado por un medio rural que se debate entre a desaparición e a renacemento.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 200 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-155-4  
16,63 €

### Alba Guzmán Xoaniña de Deus

Narrada a dúas voces, é a historia da vida dunha muller diagnosticada de alzhéimer que necesita seguir viva. Xoaniña estase esquecendo da súa vida, de feito nin tan sequera lembra o seu nome ou a idade que ten. Ao redor dela tan só xira a soidade, o medo e uns invisibles fios que a manteñen atada á realidade. Unhas desconcertantes tatuaxes gravadas na pel e un vello diario con tapas de coiro negro son o facho que alumea os seus pasos, as pegadas que lle permiten regresar ao pasado para recorrer un tortuoso camiño ata chegar a un inesperado final. Amor, drama e un pouco de humor forman parte dun círculo de lembranzas que ela mesma debe pechar antes de que a súa memoria se apague para sempre.


Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 128 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-170-7  
14,50 €



### Elizabeth Gaskell A curmá Phillis

Publicada en catro partes entre 1863 e 1864 na prestixiosa revista literaria de Londres *The Cornhill Magazine*, conta a historia da curmá segunda do narrador, Paul Manning, a partir de que este a coñeza sendo mozo e, sen pretendelo, trastorne o seu destino. A autora aborda o tema da sedución, os seus perigos e contrapartidas, ademais de afondar no tratamento da intimidade da auténtica protagonista, Phillis, vista sempre desde a ollada de Paul, quen se sente fascinado tanto pola súa beleza coma polo seu talento natural e a curiosidade constante respecto de todo aquilo relacionado coa cultura. No campo da narrativa breve, poida que esta peza de Gaskell sexa a máis lograda da súa ampla produción. Traducida do inglés por María Reimóndez.


Hugin e Munin Rústica  
13,5 x 20 cm 152 páxinas  
ISBN: 978-84-126007-0-4  
15 €



### Vivian Gornick Vencellos feroces

Vivian Gornick pasea coa súa nai polas rúas de Manhattan mentres discuten e recordan o seu pasado familiar. Unha conversa continua entre dúas mulleres lúcidas: a autora, madura e instruída, e a súa nai, xa anciá e deprimida pola súa temperá viuvez, sobre os temas máis comúns das súas vidas. Tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica  
13,5 x 21,5 cm 204 páxinas  
ISBN: 978-84-17388-86-7  
19 €



### Enea Silvio Piccolomini Historia de dous amantes

Cando escribe a *Historia de dous amantes*, en 1444, Piccolomini está a piques de facer corenta anos. O motivo de escribir o relato é compracer unha petición que lle fixera o seu amigo Mariano Sozzini: narrar unha historia de amor, ficticia ou real. Piccolomini confesa que optou pola segunda posibilidade: vai contar a historia dos amores adúlteros entre un home do séquito do emperador Sexismundo, chamado Eurialo, e unha muller casada, de nome Lucrecia. Indica tamén que se vai basear nunha relación amorosa que Kaspar Schlick, a quen vai dedicada a obra, tivo durante unha estada en Siena. Tradución do latín, introdución e notas de Alfonso Blanco.


Rinoceronte Rústica  
14,5 x 22 cm 110 páxinas  
ISBN: 978-84-17388-88-1  
17,10 €



### Fleur Jaeggy Proleterka

Un grupo de turistas está a piques de embarcar no "Proleterka", un buque iugoslavo atracado en Venecia que iniciará en breve a singradura cara a Grecia. Os últimos en cruzar a pasarela son unha adolescente de quince anos e o seu pai. Durante esta viaxe, a filla desexa saber algo máis sobre o pai, ao que apenas coñece, pero, sobre todo, gustaríalle descubrir esoutra cousa incógnita: a vida como experiencia. Delicada e precisa, *Proleterka* está chea de simbolismos que, a través dos recordos e das emocións, aborda a incerteza, o resentimento, a dor familiar e a desconfianza. Traducida por Antón Blanco Casás.


Faktoria K Rústica  
13,5 x 20,5 cm 116 páxinas  
ISBN: 978-84-19213-17-4  
13 €



### Ágota Kristóf O Gran Caderno

A guerra obriga a dous irmáns xemelgos a deixar a súa cidade e a súa nai para vivir coa súa avoa. Acompañados da anciá, unha muller desapiadada, avara e de mal carácter, descubrirán a verdadeira crueldade dunha realidade arrasada pola guerra, a fame e a morte, exenta de esperanza. A fin de sobreviviren, os irmáns vólense da súa intelixencia para reinventar a súa propia forma de ver o mundo e vivir baixo as súas regras. Tradución do francés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica  
13,5 x 21,5 cm 166 páxinas  
ISBN: 978-84-17388-84-3  
16,15 €



### Adalbert Stifter O solteirón

Victor deixa atrás o sinxelo fogar no que se criou ao quedar orfo. Neste periplo cargado de misterio e soidade descubrirá segredos longo tempo ocultados, coa única compañía do seu vello can, o leal Spiz, un animal que entrou por dereito propio na historia da literatura. Admirado, entre outros, por Rilke ou Thomas Mann, para o caso cabe rescatar a descrición que del fixo Hannah Arendt como "o meirande paisaxista da literatura". En efecto, nesta novela, a paisaxe, descrita por extenso e con mestría, é un elemento clave sen o cal o texto perdería boa parte do seu engado. Traducida do alemán por Rosa Marta Gómez Pato.

Hugin e Munin Rústica  
13,5 x 20 cm 152 páxinas  
ISBN: 978-84-123933-9-2  
15 €

II PREMIO LITERARIO  
PINTO E MARAGOTA  
POLA DIVERSIDADE  
SEXUAL E DE XÉNERO

PREMIO  
XUVENTUDE  
CREA 2022



# Juan Tallón

## Rewind

Paul comparte piso no centro de Lion con outros tres estudantes: Ilke, Marco e Emma. Alí gozan da independencia, a liberdade e dun estado de festa perpetua. Ata que un venres pola noite todo salta polos aires. Tras unha explosión inesperada o piso queda destruído e o mundo xa non volverá ser o mesmo. A partir desta traxedia, superviventes e testemuñas reconstrúen o momento, revelando a fragilidade da vida, e a dificultade para superar a recorrente vivencia que asalta ás vítimas. Cun maxistral sentido do equilibrio e da mesura narrativa, Juan Tallón crea cunha combinación fascinante de ficción e realidade con múltiples voces que conseguen que esta historia complexa se converta nunha experiencia literaria engaiolante.

Faktoría K Rústica  
13,5 x 20,5 cm 264 páxinas  
ISBN: 978-84-19213-21-1  
17,10 €




# Bibiana Candia

## Azucres

Galicia, mediados do século XIX. O país está asolado pola fame e a enfermidade. A única saída para os mozos como Orestes Veiga pasa por buscar un futuro mellor en Cuba. Inxenuos pero cargados de ilusión, acabarán traballando como escravos nos campos de azucres de Urbano Feijóo de Sotomayor. O obxectivo deste empresario galego é substituír os escravos africanos por compatriotas novos. Será entón cando descubran que "con sangue se fai o azucres". *Azucres* unha novela breve que Bibiana Candia converte nunha epopea coa forza e concisión da súa prosa. Unha viaxe baseada en feitos reais que recupera un período escuro da nosa historia, marcada por un colonialismo desapiadado como o que reflectía Joseph Conrad no seu *O corazón do negror*. Con ilustracións de Xosé Cobas.

Kalandraka Cartonado  
16 x 24 cm 198 páxinas  
ISBN: 978-84-1343-182-6  
19 €



## Colette Claudine na escola

Primeira novela de Colette (Saint-Sauveur-en-Puisaye, 1873 - París, 1954), publicada en 1900. Narra en forma de diario as aventuras da adolescente Claudine na súa vila natal, entre paseos polo bosque, amores platónicos, pelexas e sucesos escolares, que a converteron nunha obra que escandalizou no seu momento polos temas que trataba: amores sáfcicos, homes viciosos e raparigas desvergonzadas. Unha novela fresca, divertida e impertinente. A tradución é de Dario Xohán Cabana.


Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 192 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-931-7  
18,90 €



## Carys Evans-Corrales Moza falangueira procura lingua materna

"O relato dunha peregrinación á procura da verdade e da identidade a través do son das palabras". Así define este particular libro de memorias a súa autora, Carys Evans-Corrales (1949-2020), lingüista, profesora, tradutora e protagonista dunha singular peripecia vital. Con só tres meses marchou do seu Londres natal para Singapur, onde o pai conseguira traballo como profesor de Lingua e Literatura. As súas primeiras palabras foron en hainanés, o idioma da muller chinesa que a coidaba. E logo había entrar en contacto co malaio en Kuala Lumpur, co crioulo en Kingston, co galés na terra dos pais, co inglés e as súas infinitas variantes desde York a New Jersey, co galego e o castelán na Compostela do final do franquismo e os inicios da democracia. En tradución de Pepe Coira e Marta Cuba.

Laiovento Rústica  
14 x 21 cm 182 páxinas  
ISBN: 978-84-8487-603-8  
16,10 €



## Daniel Defoe Diario do ano da peste

Dicía o tamén escritor Anthony Burgess, que Daniel Defoe (Londres 1660-1731) é un dos maiores inventores da lingua inglesa, e así o demostrou neste estarrecedor relato novelado do andazo de peste que asolou Londres e a súa contorna entre 1664 e 1666, e ao que sobreviviu con cinco anos. Percorren as conmovedoras páxinas deste libro exemplos de humanidade e solidariedade daqueles que se sacrifican polos demais, como tamén daqueles outros miserables que se aproveitan da desgraza allea en tan terribles circunstancias. Heroes, negacionistas, viláns, rexoubeiros e acaparadores pululan nunha dramática narración que hoxe, tras a pandemia da covid-19, está máis de actualidade que nunca, e que volve demostrar que a condición humana pouco mudou co paso dos séculos.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 304 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-937-9  
18,90 €



## Patricia Highsmith O talento do señor Ripley

Tom Ripley sobrevive en Nova York grazas ao seu enxeño para a estafa mentres soña cunha vida fácil. O millonario Herbert Greenleaf ofrécelle unha viaxe a Europa para traer de volta o seu fillo Dickie, quen leva unha vida bohemia e pracenteira na costa italiana. Ripley comeza a argallar plans para sacar todo o partido posible da súa experiencia en Italia ata o extremo de desenvolver unha relación morbosa e sedutora co seu novo amigo: adopta os seus mesmos gustos e chega a vestirse coa roupa de Dickie, quen entón comeza a rexeitarlo. Hipnótica e brillante, *O talento do señor Ripley*, gañadora en 1957 do Grand Prix de Littérature Policière, é unha das obras mestras do suspense que transcendeu os códigos do xénero e que supuxo o nacemento do sociópata máis fascinante da literatura universal. A tradución é de María Alonso Seisdedos.

Faktoría K Rústica  
13,5 x 20,5 cm 360 páxinas  
ISBN: 978-84-19213-16-7  
17,10 €



## Código de Hammurabi e outras compilacións legais de procedencia babilónica

As coleccións de leis que recolle este volume son compilacións que varían en sofisticación legal e literaria, e que foron recollidas por escribáns nas escolas e centros reais da antiga Mesopotamia, entre os séculos XVIII e o I a.n.e. Algunhas destas coleccións, como o famoso Código de Hammurabi, tiveron unha expansión e unha influencia determinante na historia da humanidade, e supuxeron un dos primeiros intentos de ser humano por dotarse dun marco que regulase as relacións sociais. Os textos teñen como característica común procederen todos de orixinais en lingua acadia (en concreto en paleobabilonio, variedade arcaica da lingua da área de influencia de Babilonia) e relacionados coa metrópole babilónica. Tradución do acadio, introdución e notas de Xosé Antón Parada Fernández.

Rinoceronte Rústica  
14,5 x 22 cm 190 páxinas  
ISBN: 978-84-17388-87-4  
20,90 €

# Medra a colección Do berce á lúa

A colección Do berce á lúa ideada por Kalandraka para educar o ollo e adoazar o oído medra con dous novos títulos. Apoiándose nos recursos do cancionero tradicional infantil (rima, ritmo, enumeración, repetición...) e en imaxes recoñecibles sobre fondos claros, esta colección é xa un referente para iniciar no camiño da prelectura de nenos e nenas.

**Antonio Rubio e  
Óscar Villán**

## Bebé

Mostra o crecemento así como as actividades cotiás da familia.

Kalandraka Cartonado  
16 x 16 cm 16 páxinas

ISBN: 978-84-1343-163-5

8,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

**Antonio Rubio e  
Óscar Villán**

## Dó re mi


Achega á diversidade das aves e ás notas musicais.

Kalandraka Cartonado  
16 x 16 cm 16 páxinas


ISBN: 978-84-1343-165-9

8,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Libros con sons



**Julie BezděKová**

## Na granxa

Que ocorre despois de que o canto do galo esperta os animais? Ben, pois que as vacas brúan, as ovellas bean, as galiñas cacarexan, os porcos rañan... Na granxa sempre hai tarefas que facer! Botóns para escoitar os sons dos animais. Ilustracións de Magdalena Takáčová.

Baía Cartonado  
20 x 20 cm 10 páxinas

ISBN: 978-84-9995-391-5

17,10 €

**Julie BezděKová**



## No bosque

No bosque viven unha morea de animais. Algúns vense a pleno día, outros só se poden observar en raras ocasións. Son difíciles de observar pero é posible escoitar as súas voces ao premer os botóns máxicos deste libro. O bosque nunca dorme! Ilustracións de Magdalena Takáčová.

Baía Cartonado  
20 x 20 cm 10 páxinas

ISBN: 978-84-9995-390-8

17,10 €



**María Pascual de la  
Torre**

## Así ou así?

Novo título da colección Acartonados (fondos claros, esquinas redondeadas e imaxes definidas) para descubrir que sempre hai outra maneira de facer as cousas. Unha proposta transgresora que convida a participar na que maiores e pequenos se verán reflectidos.

Kalandraka Cartonado  
19 x 19 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-1343-167-3

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

**Nadia Budde**

## Un, dous, tres, nadal é

Proposta repleta de situación disparatadas, xogos de palabras e rimas delirantes. Personaxes e obxectos asociados ao Nadal en diferentes culturas son os protagonistas dos versos encadeados. Letras maiúsculas. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado  
22 x 17,5 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-1343-180-2

14 €

En castelán:

**Un dos tres navidad es**

ISBN: 978-84-1343-181-9

**Margaret Wise Brown**

## Todos o viron

Primeiro dos catro libros que a fotógrafa Ylla e a escritora Margaret Wise realizaron xuntas. As imaxes captan as reaccións de animais grandes e pequenos, feros e mansos, ante algo que presencian. O texto rebuldeiro mantén o suspense ata as últimas páxinas, arrancando un sorriso no final. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado  
22 x 28 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-183-3

15,20 €

**Lenka Chytilová**

## Pola noite

Aínda que xa caeu a noite, non todo o mundo dorme na fraga. Os raposos cazan, as ras croan a todo meter, as formigas seguen co trasfego do día. As curuxas observan todas as actividades desde as alturas. Un libro que anima a descubrir como se orientan pola noite os animais e pon en valor a importancia ambiental dun ecosistema tan especial e próximo como as nosas fragas. Ilustrado por Martin Šojdr e traducido por María Reimóndez.

Baía Cartonado  
23 x 23 cm 12 páxinas

ISBN: 978-84-9995-399-1

15,20 €





### Música Miúda Cambia o conto

Houbo unha vez un lobo feroz e unha nena asustada. Houbo tamén unha avoa indefensa e unha madrastra malvada... Sempre a mesma lería... ou non? Aquí, Música Miúda dálle a volta ao conto. Con códigos QR para escoitar as cancións. As ilustracións son de Xosé Tomás.

Galaxia Rústica 23 x 23 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-9151-930-0

15,20 €



### Fabiola Anchorena Esperando o amencer

O sol, a lúa e a chuvia non se deixan ver pola selva e todo está envolto nunha longa noite. Os animais do bosque amazónico emprenden unha viaxe para descubrir por que non amence. O libro convida a unha reflexión sobre a explotación e destrución da Amazonia. Traducido por Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado 21,5 x 28,5 cm 28 páxinas

ISBN: 978-84-1343-177-2

15,20 €

En castelán:

**Esperando el amanecer**

ISBN: 978-84-1343-178-9




### Alicia Suárez Un ollo para ler

Ás veces tentamos ler cos dous ollos, pero sempre vén alguén ensinarnos que un é para ler o outro é para imaxinar, soñar e viaxar. Noelia descobre que unha casa con libros é unha fiestra aberta ao extraordinario.

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-9151-929-4

15,20 €



### David Pintor Non a todas as nenas lles gusta o rosa

A través dun divertido diálogo coa súa filla, o artista David Pintor plasma algunhas das moitas e estafalarías afeccións que poden facerlles soñar ás nenas. Un álbum que fala dos estereotipos de xénero empregando un dos mellores instrumentos: o humor. En tradución de Anaí Rodríguez.

Xerais Cartonado 20 x 26 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1110-173-8

13,50 €



### Pavla Hanáčková, Hana Mokrošová e Helena Haraštová O marabilloso mundo das profesións

Páxinas que acompañan para saber un chisquiño máis das profesións menos coñecidas pero que máis movern o mundo hoxe en día. Descubren que habilidades precisa a xente que se dedica a cada cousa e o que lle gusta do seu traballo. En tradución de María Reimóndez. Con ilustracións de Elena Pokaleva.

Baía Cartonado 21,5 x 28 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-9995-402-8

19,76 €



### Marilar Aleixandre Nogard

"Nogard era un dragón que tiña todo do revés e, no canto de lume, botaba auga pola boca..." Cando Celia comeza a inventar esta historia para os seus sobriños non sabe como acabará. Tampouco sabe que ela mesma se verá arrastrada pola irmandade dos ratos a desafiar o Papapalabras, o monstro que devora palabras, na procura da chave do gardaestrelas. Unha aventura trepidante polo país de Milmontes que pon a proba a afouteza de Celia e a súa capacidade para termar das palabras fronte aos monstros, que queren facelas desaparecer. As ilustracións son de Meli Molita.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 144 Páxinas

ISBN: 978-84-1110-141-7

12,95 €

## Anxo Iglesias, Premio Merlín



Paula Carballeira


**Somos os monstros**

Unha nena e un neno pérdense cando saen a xogar no bosque arrasado polo último incendio. Un monstro grande e un monstro pequeno habitan nese bosque. Nenos e monstros vanse atopar. O medo dá paso á curiosidade e comezan a interrogarse. Quen son os nenos e quen os monstros? Unha historia divertida e profunda sobre o medo ao descoñecido, que esculca na propia natureza humana, coa que a autora Paula Carballeira obtivo o X Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2018. Ilustracións de Ignacio Hernández.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 80 Páxinas

ISBN: 978-84-9121-707-7

12,50 €

**Unha nova dimensión**

A partir do concepto xeométrico de dimensión artéllase este delicioso libro de poemas onde prima a compoñente lúdica e imaxinativa que conecta directamente co mundo da infancia. A poesía entendida como xogo. A poesía entendida como fonte de diversión. A poesía reivindicada, ademais, como unha dimensión con entidade propia. Ler "Unha nova dimensión" é asistir a un festival de creatividade. É un estímulo para a imaxinación! As ilustracións son de María Montes.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 104 Páxinas

ISBN: 978-84-1110-207-0

12,95 €



Berta Dávila

**Demetrio Demoscopio perdeu a chispa**

Nun edificio de cinco andares viven Afonsa Sosón e o seu neto André, o señor Demetrio Demoscopio, as irmás Carmelina e Laudina Flan, e o mago Ciro. Todos son vellos, menos André, e todos, bastante felices. Ata que unha noite Demetrio Demoscopio perde a chispa e André decide que fará todo o posible para que o seu amigo a recupere: mesmo atravesar as follas dun libro máxico e aparecer na urbanización onde viven os personaxes dos contos cando ninguén os le. Ilustrado por Xiana Teimoy.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-061-8

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Christine Nöstlinger


**O pensador entra en acción**

O Pensador, o Picas, Lilibeth e o Sir son amigos e compañeiros de instituto; como xa cursaron xuntos infantil e primaria, coñécense á perfección. Por ese motivo, cando na clase de 3º D empezan a desaparecer obxectos de valor e un dos catro é acusado de ladrón, os outros tres amigos non cren nin por un segundo que cometese roubo ningún e propóñense demostrar a súa inocencia. Non tardan moito en exoneralo e identificar o verdadeiro ladrón, mais o final non é tan feliz como podería parecer... Traducido por Eva Almazán.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-16884-60-5

15,20 €



Erich Kästner

**Emil e os detectives**

Emil Tischbein xa ten idade para viaxar só a Berlín, onde vai pasar uns días cuns parentes. Nin el nin a nai imaxinan que o primeiro adulto con quen coincida no tren será un ladrón que lle levará os cartos. Por sorte, a cativada berlinesa non dubidará en botarlle unha man para desfacer o torto.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-16884-61-2

15,20 €



Claudia Castro

**Amiga lúa, amigo mar**

Poemas tecidos por Claudia Castro a partir doutros versos de autoras americanas e británicas que admira. "Recoméndovos que voguedes polas augas salgadas destes versos argallados ao abeiro do luar, que busquedes e vos atopedes neles", di no limiar. As citas dos poemas en inglés están traducidas para o galego pola autora. Ilustrado por Luz Beloso.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-9151-924-9

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## TEATRO

## Carlos Labraña



Foto: Lupe Lestón

## Estrela... fugaz?


No cinto de asteroides que hai máis aló de Neptuno naceu Meteoro. Aínda que pasaba todo o día a xogar á roda cos seus irmáns, non era feliz, sentíase diferente. Polo que un día, aproveitando o paso dun cometa, marchou na procura dun lugar onde poder ser el mesmo. Será a Terra ese lugar ou terá que seguir a súa viaxe polo Universo, para poder ser estrela? Ilustrado por Fonso Barreiro (FON).

Galaxia 13 x 20 cm Rústica 82 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-928-7  
10,75

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Concha Castroviejo



## O xardín das sete portas

Catorce contos e unha obra teatral que lle dá título compoñen este volume galardoado en 1961 co Premio Doncel. As historias da escritora galega Concha Castroviejo, unha das máis destacadas da posguerra española, destilan a maxia, a fantasía e a cor dos paraísos que coñeceu e das estrelas que a iluminaron.

Belagua 25 x 23 cm Cartonado 144 páxinas  
ISBN: 9788412443455  
28,40 €

Monteiro Lobato  
A chave do tamaño


A travesa boneca Emilia, movida polo desexo de pór fin á Segunda Guerra Mundial, desconecta a Chave do Tamaño na Casa das Chaves, e realiza así "unha cousa colosal, a cousa máis colosal xamais acontecida no mundo": reduce todos os seres humanos (e só a eles!) a un tamaño minúsculo, próximo ao dos insectos. O seu xesto desencadea increíbles consecuencias e obriga os diminutos seres humanos a reorganizar todos os seus hábitos, prácticas e a súa visión de mundo.

Hércules 14 x 21 cm Rústica 208 páxinas  
ISBN: 978-84-18966-56-9  
15,20 €

Edith Nesbit  
A cidade máxica

Philip vese obrigado a abandonar a súa idílica vida cando a súa irmá decide casar. Philip ten que afacerse a convivir coa súa medio irmá, Lucy –coa que non se leva nada ben– e con outros habitantes da casa, coma unha desdeñosa e estraña coadadora. Aproveitando a ausencia desta, un día Philip decide buscar consolo na construción dunha desas cidades máxicas que adoitaba montar con Helen, na que empregaba xoguetes, mobles, libros e outros obxectos estraños. Unha noite, a súa creación cobra vida e el e Lucy son transportados de forma máxica a ese lugar e deberán tratar de salvar a Cidade Máxica cumprindo unha antiga profecía, aínda que unha adversaria misteriosa está disposta a roubarlles a gloria.

Hércules 17 x 22 cm Rústica 192 páxinas  
ISBN: 978-84-18966-59-0  
18,90 €

Xosé Neira Vilas  
Memorias dun neno labrego  
Lectura fácil


Balbino é un rapaz da aldea de mediados do século XX que observa o mundo que o arrodea e adoece por entendelo, pero ninguén lle dá as respostas que precisa. Unha das obras máis lidas e traducidas, agora en edición adaptada á lectura fácil a cargo de Lucía Gómez Álvarez.

Galaxia 16 x 21 cm Rústica 128 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-912-6  
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Pere Tobaruela




### Na cerna da selva

Xiao gaña un premio convocado polo Zoo de Barcelona: unha estadia de cinco semanas en Ruanda en compañía de Dian Fossey, famosa polos seus traballos de protección e divulgación dos gorilas de montaña. Vivirá en primeira persoa o encontro entre dúas civilizacións, a moderna Europa fronte á descoñecida África, un mundo primitivo, cheo de segredos ancestrais, lendas e coñecementos máxicos. E neste mundo, na cerna da selva, unhas circunstancias alleas a el levarán a Xiao a descubrir cal é a esencia do medo, como se forxa a maldade e a que cheira a morte, vivencias límite que afrontará con Nzigui, un pigmeo co que forxará unha forte amizade.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm

ISBN: 978-84-9151-933-1  
13,40 €



## Rocío Leira, Premio Jules Verne




### Cicuta para dous


"Búscase persoa curiosa para resolver crime que aínda non se cometeu". A aparición desta mensaxe na sección de anuncios por palabras dun xornal esperta a atención dun filósofo solitario e rosmón chamado Erundino Terrón. Xunto coa súa secretaria Irma, verase inmerso nunha investigación contra o reloxo que o levará a desentrañar as mensaxes cifradas que chegan cada mañá nas páxinas do diario. Unha pescuda chea de humor e intriga que desvelará a cara máis sorprendente da filosofía e na que, buscando respostas, tan só se atoparán preguntas.

Xerais Rústica  
13 x 21 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-1110-216-2  
12,95 €



PREMIO JULES VERNE  
DE LITERATURA  
XUVENIL 2022



Miranda, Reigosa e Cuba


### Pequena Mitoloxía de Galicia

As súas páxinas introdúcente nun mundo máxico, entre lóstregos salvaxes e paxaros de bo e mal agoiro, para que consigas roubar o peito da moura, para que recollas os carbóns que se convierten nun tesouro e para que aprendas a sufrir con paciencia a trasnos, díaños e tardos antes de que Pedro Chosco che pouse o sono na almofada. Páxinas nas que habitan meigas, o Monte Pindo, os nubeiros, Brancaflor, os mouros, a herba de namorar, a Raíña Lupa, os moradores dos castros, o rato que leva os dentes das crianzas, a noite de San Xoán, as bruxas, o lobishome, os biosbardos, a estadea, o home do saco ou as cidades asolagadas. Con ilustracións de Sr. Reny.

Xerais Cartonado 14,50 x 22 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-1110-153-0  
15,50 €

## Isabel Blanco




### Galegas nas artes

Un percorrido polas biografías de 21 mulleres galegas do mundo das artes plásticas e visuais: fotografías, pintoras e escultoras, nadas entre o final do século XIX e a metade do século XX, que se internaron no eido das artes coa forza do seu talento e o seu espírito de liberdade.

Belagua Cartonado 19 x 27,5 cm 50 páxinas  
ISBN: 978-84-124434-6-2

17,10 €



### Galegas na ciencia

De Isabel Zendal (1773) a María Teresa Miras Portugal (1948), este libro recolle as biografías de vinte galegas que abriron as portas da ciencia vencendo obstáculos e, en ocasións, burlas e desprezos, e deron paso a milleiros de mulleres. Este libro é homenaxe e alento, é memoria e presente e, sobre todo, é saberse futuro....

Belagua Cartonado 19 x 27,5 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-121433-6-2  
17,10 €



**Helena Villar  
Janeiro**

## De rosa antiga

Obra que celebra as vodas de ouro de Helena Villar Janeiro coa poesía. Unha escolma que é mostra significativa do que leva dado unha poeta que se iniciou hai cincuenta anos con *Alalás*. Da voz intimista do comezo, a súa obra evolucionou cara a novas temáticas e ritmos, para culminar nos haikus e contidos de carácter social con temática feminista, ecoloxista e solidaria.

Galaxia Rústica  
16 x 22 cm 154 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-922-5  
15,90 €

**Pepe Cáccamo  
e Baldo Ramos**

## Criptografías

En 2014 os mundos literarios dos autores comezaron a orbitar arredor dos límites da poesía visual, sobre o libro como soporte plástico e sobre a obxectividade da palabra poética. Nesa viaxe sen retorno fixeron diferentes escalas, editando en 2014 *CaRa inversa*, dous anos despois *librosconversos* –que reunía versos de 40 poetas– e elaborando o proxecto expositivo *A dobre páxina*, unha proposta exclusivamente visual. *Criptografías* é a terceira publicación de ambos dous. Trátase dunha colección de poemas visuais de liña letrista en conversa con textos poéticos escritos coa vontade de diluír a autoría nunha voz común que fai desta un proposta singular.

Alvarellos Rústica  
14 x 21 cm 70 páxinas  
ISBN: 978-84-18567-33-9  
14,50 €

**Luz Campello**

## Ben sabe o mar que posúo o botín das piratas

Escrita dende a experiencia de quen sucou os mares e sabe dos naufraxios, das illas e das arribadas. Un Eu feminino que se reconece na intemperie, e que se cuestiona o mundo dende as súas arestas: o propio corpo, as perdas, o amor, as inxustizas, as violencias, a destrución da natureza... Un poemario de denuncia e resiliencia que transita no tempo e no devagar das mareas até desfragar as feridas e acadar o botín, "a única ganancia propia / a ganancia das derrotas".

Galaxia Rústica  
12,5 x 22 cm 90 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-944-7  
13,95 €

**Lúa Mosquetera**

## Espíderman

Na contracapa di que esta obra revela que a poesía toda do mundo vive no cotián. "Que hai Entroido na morte. Melodía nun axóuxere. Respostas nun vaso de viño. É moitísima verdade nunha ficción. A poesía salva e protexe". A autora conta con dous poemarios autoeditados: *Rasrás* (2018) e *Aunque seas rara y seas pájaro* (2020). O seu poema "Anorak de pel de caribú", incluído neste volume, mereceu o premio ARitmar de Mellor Poesía da Galiza 2021. Campiona da Poetry Slam de Compostela, practica o *spoken word* e cre no verso como ferramenta de salvación e de loita.

Galaxia Rústica  
15 x 15,5 cm 58 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-906-5  
11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

**Marcos Lorenzo**

## ENSER

Di del Pablo Seoane: "Contén comedia, afecto examinado, contemplación, unha teoría erótico-demográfica, queixas, intuicións filosóficas, cálculos, propósitos subversivos (ou de emenda), vagos manifestos, hipocondría, sentimentos ben mantidos, versos e magníficas observacións políticas. Hai nel un humor sobrio e un emprego coidadoso da temperatura emocional, e a súa amabilidade é compatible cunha dureza que, máis que un trazo argumental, é unha virtude estilística. Unha dureza que é claridade, ou ausencia de elementos superfluos".

Galaxia Rústica  
15 x 15,5 cm 134 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-905-8  
14,90 €

**Ismael Ramos**

## Lixeiro

Reflexión sobre os desencantos do presente e a procura dunha transcendencia que non chega. A precariedade, a amizade no tronso á idade adulta, unha parella que se desintegra, unha irmá que medra, lebres que cruzan a estrada sen mirar, traballadores en barco, tren, autobú... Todos eles atravesan este poemario, que foxe coma un animal miúdo sen saber moí ben onde vai, gozando de cada respiración na carreira.

Xerais Rústica  
14 x 22 cm 60 páxinas  
ISBN: 978-84-9121-893-7  
12,50 €



**Manuel Antonio**

## De catro a catro

Publicado en 1928, é un dos libros máis abraiante da literatura galega e converteu o seu autor nun referente ineludible das vangardas europeas. Asumiu a vangarda como a única posibilidade de escribir poesía no seu tempo e, en palabras de X. L. Méndez Ferrín, humaniza os seus poemas a partir dunha "profunda vivencia do mar, da soidade individual e dos obxectos". Limiar de Ismael Ramos, que deita unha mirada fresca e profunda dun libro imperecedeiro.

Xerais Rústica  
14,50 x 22 cm 80 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-226-1  
9,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

**Luis Suñén  
García-Vaquero**

## Como néboa que entra

Ampla selección da obra poética de Luis Suñén. Edición bilingüe castelán-galego, a cargo do tamén poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, quen no prólogo adianta que estamos ante un "poeta de acento singular, austero en formulación verbal, denso en propostas reflexivas, intenso e grave, ás veces, na revelación de claves emocionais, distendido e mesmo algarreiro nas ocasións en que tece escenas de vida cotiá con fios de delicada feitura narrativa."

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 160 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-08-9  
14,90 €

**Silvia Figueiras  
Dovalo**

## Alma de outono

Libro que chega na estación á que o propio título fai referencia e que está presente en todas as súas páxinas. Tempo de acusada beleza para uns versos ateigados de sensibilidade e forza telúrica, que tamén logrou plasmar a autora da cuberta, a pintora Charo Blanco Roca.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 60 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-09-6  
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

**Mar Míguez  
Moldes**

## A maxia asolagada

"A esencia do libro de poemas de Mar é contarnos historias da vida, un camiño que transitamos todas as persoas, un camiño que pon en valor as cousas que importan e que remata sendo un camiño de crecemento persoal. Nos poemas reconecéredes a soidade, a nostalgia, a infancia perdida, o amor, o paso do tempo; tamén descubriredes a satisfacción que nos produce a contemplación das pequenas cousas." Extracto do prólogo de Mar Montenegro.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 90 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-10-2  
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

**Manel Monteagudo**

## O afago da brisa do mar

O mariñeiro e poeta Manel Monteagudo adéntrase na prosa poética e presenta un conxunto de textos onde a presenza do mar, como en toda a súa obra, paira sobre cada verba. O erotismo, a enfermidade e o paso do tempo son outros dos núcleos temáticos do libro.

Medulia Rústica  
20 x 20 cm 140 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-11-9  
14,90 €

**Mercedes Bello  
Antón**

## Esconxuros

"A reflexión amorosa atinxe, a un tempo, á memoria de vivencias e acontecementos do pasado e a denuncia dos problemas actuais: atentados ecolóxicos, desgrazas, naufraxios, guerras e inxustizas cometidas por causa do imperialismo, a cobiza e as ideoloxías. Porén, a esperanza triunfa sobre o mal no epítonema que pon broche de honra a estes desconxuros: "A humanidade en flor será purificada!". Extracto do prólogo de Xulio Valcárcel.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 64 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-15-7  
14,90 €



## María do Cebreiro Rábade Villar

### Maternidades virtuosas


Unha crítica aos modelos profesionais de crianza

O principal obxectivo deste ensaio é explorar os novos dispositivos parentais e as súas implicacións colectivas. O texto entra en diálogo con clásicos da literatura feminista, ao tempo que tenta explorar os límites da dimensión confesional do xénero. Na sociedade actual a maternidade concíbese como un extenso campo simbólico, a miúdo moi polarizado, que vén disparando un inxente corpus de produción verbal, que a autora denomina "xiro discursivo da maternidade". María do Cebreiro Rábade Villar (Santiago de Compostela, 1976) é escritora e profesora de Teoría da Literatura e Literatura comparada na USC.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 164 páxinas

ISBN: 978-84-9151-925-6

15,96 €



## Despentés


### Teoría King Kong

*Teoría King Kong* é un dos grandes libros de referencia do feminismo e da teoría de xénero, un incisivo ensaio no que Despentés comparte a súa propia experiencia para falar sen andrómenas nin concesións sobre a prostitución, a violación, a represión do desexo, a maternidade e a pornografía, e para contribuír ao derrubamento dos cimentos patriarcais da sociedade actual. En tradución de Raquel Senra.

Hércules Rústica 14 x 21 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-18966-57-6

15,20 €



## Javier Vázquez Costa

### Para vós, jogadores

As masculinidades nos videoxogos

Os videoxogos non nacen no vazio. Reprodúcen os estereotipos machistas, racistas ou colonialistas, como outros produtos culturais e/ou de entretemento. Os videoxogos son transmisores de ideoloxías e son considerados perigosos por certas persoas. Porén, non cabe olhar para o outro lado, quando já se tornaram num ingrediente central na construción da identidade de moitas persoas, as e os *gamers*. Partimos da hipótese inicial de que os videoxogos occidentais de maior orzamento (triplo A) están a perpetuar a masculinidade hegemónica, isto é, a masculinidade na súa forma máis tradicional. Porén, haberá que estudar as posibles mudanzas na representación de personaxes masculinos nos últimos anos, ou os eventuais tipos de masculinidades que se observem en diferentes obras, bem como na cultura que rodeia o mundo dos videoxogos.

Através Capa mole 13 x 19 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-16545-76-6

12 €



## Inma Otero

### A materialidade das fillas de Lupa

Obxectos ficcionais femininos na narrativa galega

Nos últimos anos conséntase un incremento das narracións que se centran no devir dos personaxes e, sobre todo, das personaxes, fronte a outro tipo de tramas. Dentro das propiedades das que emerxen as protagonistas ten especial relevancia a de xénero. Desde o punto de vista da ontoloxía da arte e do novo realismo analízanse nesta obra os tipos de obxectos ficcionais femininos que aparecen na narrativa galega do século XXI e as inscricións das que xorden.

Xerais Rústica 17 x 24 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-171-4

18,95 €



## Marilar Aleixandre e Emma Pedreira

### Juana de Vega


A muller que desafiou o seu tempo

Obra que busca espertar o interese pola vida e o legado de Juana María de Vega na que esta galega singular recupera voz propia, ao tempo que falan tamén en primeira persoa cidades como A Coruña e Londres, así coma outros enclaves nos que se desenvolveu a súa vida. Entre outra documentación, o texto parte das memorias que Juana de Vega deixou escritas, nas que narra parte da súa historia, e complementan as súas accións en defensa das liberdades coas xustificacións desa loita para conseguir amosar que as batallas polas causas perdidas son semente de futuro.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-9151-900-3

15,15 €



## Plutarco


### Escritos sobre as mulleres

O único papel que se lles recoñecía ás mulleres no mundo antigo era o que desenvolvían dentro da casa. No medio deste panorama no que a lei lexitimaba a inferioridade da muller, Plutarco dálle un papel importante nalgunhas das súas obras, considera conveniente o seu acceso á educación, aconsella a súa participación en ámbitos non tradicionais e recoñece nela calidades que para o común da xente eran exclusivas dos homes. Este volume recolle tres tratados que forman parte das *Obras morais*: *Preceptos matrimoniais*, *Excelencia das mulleres* e *Máximas de mulleres espartanas*. Tradución do grego clásico, introdución e notas de María Teresa Amado.

Rinoceronte Rústica 14,5 x 22 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-17388-80-5

15,20 €



## Daniela Ferrández Pérez

### A defunción dos sexos

Disidentes sexuais na Galiza contemporánea


Libro divulgativo que recompila historias e memorias de persoas que viviron alén da norma sexual na Galiza dos últimos cento cincuenta anos. A través de fontes de arquivo e xornalísticas reflexiónase sobre algúns dos itinerarios que estas persoas tiveron que percorrer e o seu enfrontamento co xugo dunha sexualidade obrigatoria que as condenaba ás marxes e ao ostracismo. Persoas perseguidas, aceptadas, toleradas ou reprimidas. Vidas, a fin de contas, necesarias para unha reflexión actual e colectiva sobre o pasado, o presente e o futuro das disidencias sexuais.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-1110-120-2

17,57 €






## Luís Gonçalves Blasco "Foz" A UPG em Portugal e alguma coisa mais

Em 2012, Luís Gonçalves Blasco "Foz" apresentava um vasto livro sobre a política e organização exterior da UPG nos seus primeiros anos. Com o presente texto, o livro cresce e é revisto, mostrando como a UPG encontrou, em Portugal, um lugar para fazer política contra a ditadura franquista e, da mesma forma, contra a política antisalazarista. Abordam-se aqui, também, as relações da UPG com a esquerda portuguesa e com os partidos espanhóis à esquerda do PSOE. Este volume apresenta, em suma, um olhar privilegiado da história política da Galiza contemporânea, no tempo do tardofranquismo e da Transição. Caminha entre esta história política documentada e o relato em primeira pessoa de momentos importantes da história do soberanismo galego, como o episódio em que se ouve, pela primeira vez, Zeca Afonso, na Galiza.

Através Capa mole 14 x 21cm 144 páginas

ISBN: 978-84-16545-75-9

13 €



## Edgar Morín Espertemos!


"Como navegar nun océano de incerteza? Como podemos entender a historia que estamos a vivir? Como podemos admitir finalmente que, degradando a ecoloxía do noso planeta, estamos degradando as nosas vidas e as nosas sociedades? Como entender o mundo que está cambiando de crise en crise? Como concibir a increíble aventura da nosa humanidade? É unha carreira da morte ou unha carreira de metamorfose? Podería ser tanto un como outro? Espertemos!" Edgar Morín. En tradución de Xosé Manuel Beiras Torrado.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 58 páxinas

ISBN: 978-84-8487-605-2

9,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## VV AA Memoria do Vigo proletario 50 aniversario da folga xeral de setembro de 1972

Crónica daquel setembro vermello vigués de 1972 do que se celebra o 50 aniversario. A maior mobilización obreira da historia de Galicia en que, do 9 ao 26 de setembro, máis de quince mil obreiros foron á folga e reivindicaron polas rúas da cidade os seus dereitos fronte ao réxime franquista. Aquelas multitudinarias xornadas de solidariedade e protesta deron lugar a unha feroz represión patronal e policial, con centos de despedimentos, ducias de detencións e torturas. Este libro quiere recuperar aquel esquecido espírito do 72, a orgullosa conciencia de clase daquel proletariado olívico, e, asemade, homenaxealo, para que sirva de exemplo e semente para as xeracións futuras.

Galaxia Rústica 16 x 23 cm 354 páxinas

ISBN: 978-84-9151-927-0

22,80 €



Francisco Rodríguez

Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza Tomo I


## A relevancia do reino galego medieval

Libro de historia que pretende superar cualitativamente a visión limitada, parcial e sesgada sobre unha etapa dourada de Galicia que vai dende o século VIII ata a primeira metade do XIV.

AS-PG Cartonado 16,5 x 22 cm 540 páxinas

ISBN: 978-84-949659-4-4

25,65 €



Francisco Rodríguez

Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza Tomo II

## Un Reino con clase dirixente

Neste Tomo II analízase, desde a perspectiva galega, das opcións e alternativas das súas clases dirixentes, como o reino foi epicentro dun dos bandos confrontados, o lexitimista ou castrista, fronte aos falsos Trastámara, o seu desenlace e as súas consecuencias, na segunda metade do século XIV.

AS-PG Cartonado 15 x 22 cm 1.112 páxinas

ISBN: 978-84-949659-8-2

37,05 €



Xosé Manuel Beiras


## Retratos en fite

Retratos escritos ao longo de decenios, con ocasión dalgún evento que atinxía a esas persoas ou solicitados para algunha publicación dedicada a elas. "Pepe Carreiro fíxome o galano de embelecere a edición con algúns dos seus certeiros e inconfundíbeis debuxos – lembra o autor na contracapa –, e así rotulei o volume como *Retratos en fite*, nunha chiscadela en contrapunto, e conmovida lembranza, aos deliciosos Retratos de esguello do admirado, benquerido e endexamais esquecido Luís Seoane –ousadía pola que espero me perdoe no alén".

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-8487-590-1

17,05 €



Gaston Dorren


## Lingo

Unha viaxe por Europa e o seu amplo abano de linguas. Sesenta curiosidades arredor da diversidade lingüística europea que combinan historia, cultura e lingüística. Explora tamén a estraña natureza democrática do noruegués, as tendencias zigzagueantes do neerlandés no tocante ao xénero, as sangrentas batallas libradas por culpa do grego e os orfos lingüísticos dos Balcáns. E, afastándose aínda máis dos camiños trillados, fala das antigas reliquias do lituano, o snobismo do sorbio e os desconcertantes xiros do éuscaro. En tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica 13,5 x 21,5 cm 282 páxinas

ISBN: 978-84-17388-83-6

21,85 €




**Martiño Santos Canosa, Xosé Gontá Sobrino e Toño Núñez Amigo-Ribadulla**

### A nación dos mil viños

Obra que busca unha achega á cultura do viño en xeral, iniciar nos rudimentos da proba sensorial e informar do panorama dos viños galegos. Fala do proceso de creación dende a viña á copa: os solos, o clima, as variedades de uva, a viticultura e a enoloxía. Tamén dá as chaves elementais para o seu análise sensorial e fai un repaso descritivo pola xeografía vitivinícola galega actual. Estes contidos van acompañados de elementos históricos e culturais que contextualizan o significado e importancia do viño. Con numerosas referencias a persoas produtoras e ás marcas comerciais que son o resultado final do seu traballo.

Laivento                      Rústica  
17 x 24 cm                      110 páxinas  
ISBN: 978-84-8487-592-5  
**18,95 €**



**José Manuel Ortigueira Bobillo**


### Sarela

Paisaxe cultural

Percorrido polos dez quilómetros do río Sarela de Santiago dende o seu nacemento, preto de Pardaces, ata a desembocadura no río Sar en Vidán. O autor convida a gozar dun patrimonio histórico sorprendente, como os esquecidos petróglifos, pontes tan singulares como a dos Tres Ollos ou a da Bura-ta, a historia das lavandeiras ou as 17 fontes e ata cincuenta muíños rexistrados no seu percorrido. A carón disto, fai unha achega á riqueza natural dos bosques de ribeira e o ecosistema natural. Esta paisaxe fíase coa singular historia industrial do río. Durante o século XIX, arredor das súas augas funcionaron ata quince fábricas de curtidos, nun tempo no que Compostela foi a capital da industria do coiro en España. A documentación preséntase dun xeito áxil e didáctico, enriquecida con máis de cen imaxes e ilustracións –actuais e históricas–, ademais dun detallado mapa.

Alvarellos                      Rústica  
20 x 19 cm                      180 páxinas  
ISBN: 978-84-18567-23-0  
**22,80 €**

## TEATRO



### Chévere

Trinta e cinco anos de axitación cultural

Chévere fai 35 anos e, como parte desta celebración, sae do prelo un volume que afonda na historia da compañía desde os comezos, na Compostela de 1987, ata os últimos acontecementos logo da pandemia, pasando pola etapa da Sala Nasa, o Nunca Máis ou o Premio Nacional de Teatro concedido polo Ministerio de Cultura no ano 2014 pola súa coherente traxectoria de creación colectiva, transgresión de xéneros e conexión crítica coa realidade. Narrada en primeira persoa nun formato dialogado e profusamente ilustrado, esta obra achega da man dos seus integrantes o proceso de creación das producións máis significativas, algunhas editadas xa por Kalandraka na Biblioteca de Teatro.

Kalandraka                      Rústica  
22 x 22 cm                      300 páxinas  
ISBN: 978-84-1343-179-6  
**37,05 €**




**Anne Plantagenet**

### A única, María Casarès

María Casares naceu na Coruña no ano 1922. Fillá de Santiago Casares Quiroga, avogado e presidente do Goberno da República entre maio e xullo de 1936. Logo do golpe de Estado, trasládase a París coa súa familia, onde co tempo chegará a converterse na primeira actriz de Francia. Como peche da celebración do centenario do seu nacemento, esta biografía de Anne Plantagenet narra a vida de María Casares preto e lonxe da escena e amosa a traxectoria dunha muller libre considerada a musa do existencialismo francés. Unha historia que amosa a paixón desta grande artista cunha vida de novela. En tradución de Isabel Soto.

Ágora K                      Rústica  
13,5 x 20,5 cm                      256 páxinas  
ISBN: 978-84-16721-78-8  
**18,05 €**




**Sabela Hermida**

### María Casares fronte ao espello

